

O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

C On este número de *O Casino* preséntase a programación da Asociación Cultural San Martiño de Couso para o terceiro trimestre do ano.

Debido ás datas esta programación é máis relaxada ca anterior xa que tódolos membros da Directiva imos coller unhas merecidas vacacións en diferentes etapas deste periodo e non podemos facernos cargos de máis actividades. Non obstante, a chamada á vosa participación segue aberta neste trimestre e calquera proposta, aínda fora de programación, será ben recibida e buscaremos o xeito de levala a cabo.

Como podedes apreciar o noso chamamento á participación presenta neste número os primeiros resultados, cun artigo de Carlos, ó que lle agradecemos sinceramente a súa colaboración.

Esperamos que máis persoas se animen a participar no seguinte número que contamos que esté listo para finais de setembro. Nesta ocasión, e por unha serie de circunstancias persoais e laborais *O Casino* sufriu un retraso considerable, xa que tiña que saír a finais de xuño, hai case un mes, polo que vos pedimos disculpas e nos comprometemos a facer un esforzo para manter o noso compromiso informativo convosco.

Empezamos neste trimestre cunha actividade solicitada reiteradamente nas asembleas da Asociación Cultural: unha serie de debates, centrados nesta ocasión en como queremos que sexa Couso de aquí a vinte anos (máis ou menos no 2025). No primeiro debate o vindeiro 23 de xullo estableceranse os temas a debatir e as sesións adicadas ós mesmos. Esta actividade debería de xenerar proxectos para traballar neles conxuntamente co apoio e participación de tódolas comisións do pobo: Comunidade de Montes, Asociación Cultural, Comunidade de Augas, Comisión da Luz, etc.

Esperamos que as actividades plantexadas sexan do voso agrado.

Neste exemplar:

- | | |
|---|-------------------------|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | Xóvenes |
| 6 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Domi ngo, 11 de xullo

Excursión a Santiago



Excursión en bus a Santiago de Compostela neste ano Xacobeo.

Debates Couso 2025



Continuando coas actividades relacionadas coa elaboración do Plano Xeral de Ordenación Municipal de Pontereas plantexamos unha serie de debates sobre como queremos que sexa o Couso de dentro de 20 anos.

Ás 22' 30 horas no Local da Asociación

Venres 23, de xullo (presentación e elección dos temas a debater)

**Venres, 6 de agosto
Venres, 20 de agosto**

De seren necesarios máis días fixaríamolos nos propios debates.

Domi ngo, 25 de xullo, ás 10' 00

Sábado, 4 de setembro, ás 10' 00

(pódense facer máis saídas se houbera xente interesada)


Sendeirismo



Saídas de sendeirismo para coñece-lo noso entorno: Sendeiro das Greas, Guláns, San Cibrán, Muíños de Atios, Histórico de Mos e outros.

**Exposición fotográfica I Maratón
da Asociación Cultural San Martiño
de Couso**

Exposición das fotografías realizadas polos
participantes neste Maratón o pasado 2 de maio.

**7- 8 de agosto****3º TRIMESTRE 2004****Venres, 13 de agosto,
a partir das 23' 30 horas****Astronomía**

Actividade para observar a chuvia de estrelas de
San Lorenzo e recoñecer as principais
constelacións e estrelas do ceo de verán.

Homenaxe ós nosos maiores

Serán de homenaxe ós nosos maiores con
diversas actividades e paparota.

**Domingo, 19 de setembro,
a partir das 18' 00
horas.****Exposición de Escultura**

Exposición de escultura de autores noveles,
persoas con experiencia no traballo da pedra e
outros materiais escultóricos.

25 e 26 de setembro

Xóvenes

A verdade é que: ¿Cómo puidemos sobrevivir a nosa infancia?. Mirando atrás é difícil crer que sigamos vivos na España de antes:

Viaxabamos en coches sen cinturóns de seguridade traseiros, sen cadeiras especiais e sen airbag.

Non tivemos portas con proteccións, armarios ou frascos de medicina con tapa a proba de nenos.

Andabamos en bicicleta sen casco nin protectores para xeonllos e cóbados.

Os columpios eran de metal e con esquinas en pico.

Xogabamos a xotar, a ver quen era o máis bestia.

Pasabamos horas construindo os nosos propios vehículos con anacos de paos e rodamentos para baixalas costas e só entón descubríamos que nos esqueceramos dos freos. Despois de chocar cunha árbore, aprendemos a resolvelo problema.

Xogabamos o pano e o ovo – pico – araña e ninguén sufría hernias nin dislocacións vertebrais.

Os domingos, despois de comer, saíamos da casa e volvíamos cando se prendían as luces, estabamos perdidos toda tarde, ninguén nos podía localizar.



Rompémonos osos e os dentes e non había ningunha lei para castigalos culpables.

Abríamos a cabeza xogando a guerra de pedras e non pasaba nada. Eran cousas de nenos e curábase con mecromina e uns puntos.

Cando había un fogo no pobo o primeiro que o miraba gritaba: O fogo, o fogooo.... Todo mundo acudía, nos,

os nenos eramos os recadeiros, os que levabamos a auga, unha machada un legón,..(o que hoxe son os 4x4). Non había batelumes, traxes especiais, nin os números de teléfono tan disciplinarios que hai hoxe en día no que se chama cando se mira o lume e un se volve a deitar.

Non había teléfonos móbiles nin sequer fixos.

Íamos a escola cargados de libros e cadernos, todo metido nunha mochila que rara vez tiña reforzos para os ombros e moito menos rodas.

No entroido: improvisabamos os disfraces con roupas vellas. Non existía o sistema de alugalos disfraces como se fai a día de hoxe, pero pasábámolo de marabilla.

As festas do pobo: eran algo tan especial cando nos tocaba servilas o noso barrio. Participaba todo mundo: os maiores levaban os Santos, os cestos, os estandartes; e os nenos tamén íamos a axudar ou a estorbar pero íamos e a pé: a San Cibrán, a San Xían, a Saúde.



E non había asociación cultural para organizalas festas ou calquera outro acto cultural, pero había algo máis grande: a unión, - a unión do pobo – Non o de hoxe en día que cada un vai a súa bola.

Comíamos doces e bebíamos refrescos (galletas de coco e gaseosa na tenda de Señora Enriqueta). Pero non eramos obesos, si acaso algún gordo e punto.


O fútbol: para nos cando alguén nos levaba a velo Celtiña era algo tan grande que xa non comíamos o mediodía, estabamos esperando que fora a hora e se non íamos, seguíamolos partidos por unha radio.

Estabamos sempre o aire libre, correndo e xogando, compartíamos botellas de refresco e ninguén se contaxiaba de nada; só nos contaxiabamos os piollos no cole, cousa que arranxaban nosas nais con ZZ ou con inventos caseiros.

Non tivemos ordenadores, playstatyons, nintendo 64, videoxogos, 99 canais de televisión, películas de vídeo, sonido surround ou internet pero pasabámolo de lo lindo: lanzándonos bolsas cheas de auga e arrastrándonos polo chan e a roupa quedaba feita anaquiños.

Nos si que tivemos amigos, quedabamos con eles e saíamos, ou nin sequera quedabamos, saíamos á rúa e alí encontrabámonos e xogabamos ás canicas, a chinca (todo tecnoloxía punta).

Íamos en bici ou andando. Xogabamos con balóns de fútbol improvisados (un bote de lixivia ou trapos atados).



Bañabámonos nas pozas que eran de terra, non as piscina que temos hoxe en día de cemento.

Cazabamos lagartixas con paos. No verán aproveitando a instancia dalgúns compañeiros que estaban fora, que xa tiñan escopetiña de balíns, cazábamos con ela sen presenza de ningún adulto e non pasaba nada.

Ligabamos coas rapazas, perseguíndoas para tocarllelo cu.

Non había un pai súperprotector e si nos saltabamos algunha regra, soltábannos un guantazo ou un zapatillazo.

Tivemos liberdade, fracaso, éxito e responsabilidade e aprendemos a medrar con todo isto.

¿Ti es un deles?. En hora boa.

J.C.C.C.

Actividades realizadas

Sábado, 17 de abril, 20'30 h: Charla sobre O Voluntariado impartida por Dña. M^a Carmen Alvite Durán, Presidenta da Asociación de Voluntariado "Xente do Tea". Participaron unhas 24 persoas. Resultou moi interesante coñecer as actividades que realizan e a constatación das carencias sociais no Concello de Pontearreas. Varias das nosas veciñas colaboran con esta Asociación.

Domingo, 25 de abril, 12'00 h: Curso Básico de Fotografía ó que asistiron 10 persoas. Habería que facelo máis gráfico e máis práctico.

Domingo, 2 de maio, 9'30 h: I Maratón Fotográfico San Martiño de Couso. Aínda que só participamos 8 persoas e ás veces choveu un pouco, pasámolo ben e fixemos un auténtico maratón para cumprir cos horarios. Os resultados expoñense o 7 e 8 de agosto.

Exposición sobre a vida de Xaquín Lorenzo ("Xocas") e exposición de aparellos de labranza e da casa rural. Desde o venres 14 ó luns 17 de maio expuxéronse máis de 360 pezas etnográficas gracias ás aportacións dos propios veciños. Tamén se expuxeron carteis sobre e un vídeo sobre a vida e obra do "Xocas". Acudiu xente tanto do pobo como de fora.

Domingo, 23 de maio, 9'00 h: excursión organizada pola Comunidade de Montes polos límites do monte comunal de Couso. 16 persoas aproveitamos a ocasión para coñecer o noso monte e os seus límites.

Sábado 29 e domingo 30 de maio: coincidindo coa festa de San Cibrán organizamos unha exposición de pintura. Vendéuse un dos cadros expostos.

Domingo 6 de xuño, 10'00 h: excursión polo Pianista e ata o Faro de Budiño. 15 persoas participaron nesta actividade

con ceo anubrado que impediu mirar as excepcionais vistas sobre o Val da Louriña. Aínda así a marcha realizouse con alegría e dentro dos mellores tempos.

Xoves, 24 de xuño, a partir das 11'00 da noite: abundante sardiñada e fogueira de San Xoán.

PARTICIPADE:

Para facerse socios só hai que poñerse en contacto con algún membro da Directiva da Asoc. Cultural.

Podedes achegar tódalas vosas colaboracións e deixalas no buzón da Casa Cultural ou darllas a calquera membro de Directiva